

MANIFESTO “RODEA O PARLAMENTO”, 21 DE XUÑO.

O poder financeiro provocou unha crise social, e económica, que deu lugar a que o noso país sofra uns niveis de paro e miseria que fan que unha gran parte da súa poboación non consiga alcanzar unhas condicións de vida minimamente dignas. Mentres esta mafia actúa, os poderes políticos actúan como sicarios ó seu servizo, en vez de defender ás persoas que están a ser vítimas desta gran estafa. As súas explicacións non son máis que excusas para aplicar medidas que favorecen á mafia financeira, en vez de loitar contra ela para que a ninguén lle falte pan, traballo e teito.

O parlamento galego e os demais parlamentos de todo o estado español foron secuestrados por esta mafia e, coa principal colaboración dos dous partidos maioritarios, PP e PSOE, están a roubar o que é do pobo para entregalo ás grandes empresas, moitas das cales sentarán nos seus consellos de administración ós mesmos que lles favoreceron cando gobernaban. Os parlamentos do estado non están a representar ás persoas, non fan a súa labor de representar a vontade popular, só serven ós intereses do poder económico. É hora de devolver o poder ó pobo, é tempo de recuperar o que é noso.

Ninguén lexitimou ós partidos que gobernan para dar ós bancos preto de douscentos mil millóns de euros, ninguén lexitimou ó goberno para que permita que se desafuquen ás familias mentres os bancos dispoñen de milleiros de vivendas valeiras, ninguén lles autorizou para facer pública unha débeda que era privada, ninguén autorizou ó goberno a que siga as indicacións da Troika e ninguén autorizou un tratado de libre comercio entre Estados Unidos e Europa que será un dos maiores ataques á democracia en toda a súa historia. Nin se quera nos deixarán elixir se queremos ese tratado que se está a negociar de costas ó pobo. Cando o parlamento non cumpre a súa función, carece de lexitimidade.

No Parlamento Galego con nocturnidade e alevosía se privatizan servizos públicos esenciais, como sanidade e educación. Péchanse camas en hospitais, reducen persoal docente no ensino, despilfarran cartos públicos en obras inútiles e, en definitiva, tómanse decisións que levan ás persoas a unha situación de miseria. As leis que fai no parlamento o Partido Popular, e antes o PsdG, non resoven os problemas do pobo, so buscan favorecer a grandes empresas aínda que sexa a costa da vida digna das persoas. Un goberno que permite que a súa poboación pase penurias, non é lexítimo e o pobo ten dereito a rebelarse contra él, tal e como dí a Declaración Universal de Dereitos Humanos.

Tampouco se nos dan respostas sobre o futuro que nos agarda. Se a única saída para ese 57% da nosa xuventude no paro é a emigración, se os nosos traballadores teñen que subsistir e soportar un 10% de baixadas salariais de media e aceptar calquera tipo de condicións laborais, ou se a recuperación pasa por eses datos do paro que mostran que o emprego que se creará será temporal e precario, entón non só nos abandonaron senón que tamén nos condenaron. Déixannos sen traballo, sen casa, sen sanidade, sen pensións, sen estudos, sen futuro, sen vida!. E non podemos nin debemos consentilo.

Por iso a Plataforma Galega das Marchas da Dignidade está hoxe aquí, porque queremos simbolizar que o Parlamento Galego non está a representar ó pobo e o pobo ven a rodealo, porque nos pertence, porque é noso e tamén nolo están a roubar. Loitamos polos nosos dereitos, e seguiremos a loitar mentres non consigamos cambiar un sistema inxusto e antidemocrático e devolver o poder ás persoas, sometendo ó poder político á vontade popular. Loitaremos por ter pan, traballo e teito para o noso país.

PAN, TRABALLO E TEITO

SÁBADO DÍA 21 DE XUÑO ÁS 12 DA MAÑÁ, CONCENTRACIÓN NA PRAZA DO FERROCARRIL NA ESTACIÓN DE COMPOSTELA.